

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE XUÑO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción "Adaptación ao Plan de baixa IMD mellorada da PO-234. puntos quilométricos P.Q. 2+580 (Laxoso) - 4+150 (encrucillada do Portasouto)", no concello de Ponte Caldelas (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/23.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara a excepcionalidade do artigo 6.4 da Lei 8/2009 para os parques eólicos Tornado e Orzar, promovidos por Greenalia Wind Power Tornado, S.L.U. e Greenalia Wind Power Orzar, S.L.U.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de consolidación do I Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao desenvolvemento 2020-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, por importe total de cen mil euros (100.000,00€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o terceiro contrato plurianual de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco, para a fase II da subministración e do servizo de instalación de kits de aula dixital para centros educativos no marco do Proxecto Abalar, por un valor estimado máximo de vinte e tres millóns oitocentos cincuenta mil euros (23.850.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do bono de alugamento social e se procede á súa convocatoria continuada e permanente ata o esgotamento do crédito.
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de bono alugamento mocidade e se procede á súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2022 (código de procedemento VI482E).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a investigación e avance no modelo de circularidade do ciclo integral da auga en Galicia, no marco do Proxecto Innovaugas 4.0, cofinanciado nun 80% do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020, por importe de trescentos trinta e oito mil trescentos dezaseis euros (338.316,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de dezanove mil novecentos trinta e seis euros (19.936,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e tres mil seiscentos trinta euros (33.630,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cincuenta e oito mil catrocentos dez euros (58.410,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e nove mil oitocentos vinte e cinco euros (39.825,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza subscribir e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividade de fomento da investigación traslacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), por importe de cento dous mil setecentos setenta e catro euros (102.774,00€).
- Acordo polo que se autoriza subscribir e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Santiago de Compostela (FIDIS) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividade de fomento da investigación traslacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), por importe de trescentos vinte e nove mil catrocentos setenta e nove euros (329.479,00€).

- Acordo polo que se autoriza subscribir e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Profesor Nóvoa Santos (FPNS) para o desenvolvemento do Programa para o impulso de actividade de fomento da investigación traslacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTrES), por importe de cento setenta e tres mil oitocentos setenta e tres euros (173.873,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa Vacacións en paz 2022. Importe: cen mil euros (100.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio 2022, por un importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra para a creación dunha unidade mixta denominada Xestión de pragas e enfermidades forestais, por un importe total dun millón trinta e cinco mil seiscentos setenta e nove euros con corenta e catro céntimos (1.035.679,44€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a Axenda Enerxética de Galicia 2030.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da memoria anual do ano 2021 do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co establecido polo artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.
- Informe sobre o plan de melloras na rede pública de albergues para peregrinos no 2022.
- informe sobre o plan de sostenibilidade turística presentado polo concello da Coruña "A Coruña sostible e dixital"

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a programación dos fondos europeos.
- Informe sobre a implantación dunha nova canle de atención administrativa preferente ás persoas maiores de 65 anos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2022/23.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución de axudas convocadas polas ordes do 30 de decembro de 2021 e 5 de xaneiro de 2022, destinadas a proxectos para a conservación e restauración da biodiversidade dos ecosistemas mariños e a proxectos de rexeneración que permitan a mellora da produtividade dos bancos marisqueiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA COMPLETAR A MELLORA DA PO-234 ENTRE CERDEDO-COTOBADA E PONTE CALDELAS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1 M€

- A intervención desenvolverase na vía entre Laxoso e a encrucillada do Portasouto e inclúe a mellora dos itinerarios peonís, da calzada e dos seus elementos para reforzar a seguridade viaria
- Actuarase na corrección do trazado e ampliarase a calzada ata os 7 metros de largo, ademais de mellorar as interseccións das vías públicas coa estrada autonómica
- Esta nova intervención da Xunta completará o acondicionamento desta vía, que une os núcleos de Ponte Caldelas e Aguasantas, en Cerdedo-Cotobade, estando xa executadas dúas fases anteriores cun investimento autonómico de preto de 1,25 M€
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avanzará neste ano no procedemento expropiatorio de modo que as obras se poidan executar en 2023
- O Goberno galego continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de acondicionamento da estrada autonómica PO-234 entre Laxoso e a encrucillada do Portasouto, no concello de Ponte Caldelas.

O investimento que o Goberno galego destinará para completar a mellora desta vía autonómica entre Cerdedo-Cotobade e Ponte Caldelas é superior a 1 M€, no cal se inclúe o pagamento dos 40 predios necesarios para a súa execución. A intervención inclúe a mellora puntual do trazado, a ampliación da calzada e a mellora das interseccións das vías públicas coa estrada autonómica.

Actuarase, concretamente, no treito de preto de 1,6 km da PO-234, entre os puntos kilométricos 2+580 e 4+150. Comezarase polos traballos de mellora puntual do trazado e a ampliación da calzada ata os 7 metros de largo, co que se acadarán 2 carrís de 3 metros e 2 beiravías de 0,50 metros, co obxecto de mellorar a seguridade viaria.

Tamén se intervirá nas interseccións e executaranse cunetas de seguridade e melloras da drenaxe transversal e lonxitudinal da vía. Ademais, reporanse a sinalización horizontal e vertical e as barreiras de seguridade flexibles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avanzará neste ano no procedemento expropiatorio de modo que as obras se poidan executar en 2023. A actuación ten un prazo de execución de oito meses.

Con esta actuación o Goberno galego completará o acondicionamento desta estrada autonómica que conecta os núcleos de Ponte Caldelas e Aguasantas, no municipio de Cerdedo-Cotobade, cuxas dúas primeiras fases foron xa executadas e supuxeron un investimento autonómico de preto de 1,25 M€.

A execución da mellora desta vía dividiuse en tres fases. Neste sentido, xa está á disposición dos veciños o tramo entre a encrucillada do Portasouto e Aguasantas, e tamén están acondicionado o treito entre Ponte Caldelas e Laxoso.


A Xunta continúa traballando no mantemento e mellora da rede viaria autonómica co fin de reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios

Plano da zona de actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sección tipo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA INFORMA DA CONXELACIÓN POR DUODÉCIMO ANO CONSECUTIVO DOS PREZOS DAS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS, O QUE SUPORÁ UN AFORRO DE 18,7 M€ PARA AS FAMILIAS

- Incide en que o próximo curso unha familia galega vai desembolsar polos estudos universitarios dos fillos exactamente a mesma cantidade que hai 12 anos, segundo o decreto de prezos públicos aprobado polo Consello da Xunta
- Di que os prezos medios de todas as matrículas sitúanse en 11,89 €/crédito, exactamente igual que ata o de agora
- Lembra que a política que Galicia practica desde hai máis dunha década, sendo pioneira en España, é un modelo que agora se está a estender ao resto do Estado

O presidente da Xunta informou hoxe da decisión por parte do Consello da Xunta de conxelar, por 12 ano consecutivo, os prezos das matrículas universitarias nas tres universidades públicas galegas para o vindeiro curso 2022-23.

Isto permitirá un aforro de 18,7 M€ anuais para as familias e volve a situar a Galicia como a comunidade coas taxas universitarias máis baratas de España, salientou, ao tempo que sinalou que cada alumno poderá aforrar 260,40 €/curso no caso dos graos, 513 €/curso para nos másters habilitantes e ata 995,40 €/curso no resto de máster universitarios.

Sobre este punto, lembrou que esta medida se enmarca nunha política que Galicia practica desde hai máis dunha década, sendo pioneira en España e que agora se está a estender ao resto do Estado. "Buscamos garantir a igualdade de oportunidades no acceso á univervidade de todas as persoas e apoiar ás familias galegas para que teñan que facer un menor esforzo económico para costear os estudos dos seus fillos", dixo

Máis polo miúdo, explicou que as taxas universitarias se manteñen invariables, cun prezo promedio de 11,89 €/crédito para todas as primeiras matrículas de grao e de máster non habilitantes (enfocados á especialización de coñecemento ou á investigación científica) e habilitantes (necesarios para exercer unha profesión). O que supón que Galicia sexa a comunidade máis barata do estado nos estudos de máster non habilitante e a segunda no caso dos graos e de máster habilitante (tan só superada por Canarias a moi pouca distancia).

Matrículas de grao

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso das matrículas de grao o prezo medio manterase por duodécimo ano consecutivo en 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 4,34 euros con respecto aos 16,13 €/crédito de media de España, o que sitúa a Galicia como a segunda comunidade máis barata tras Canarias.

As de grao acaparan o 88,65% do total de matrículas do Sistema Universitario Galego, polo que con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 260,40 euros ao curso en matrículas.

Matrículas de máster

No que atinxe aos máster, de cara ao vindeiro curso mantéñense conxeladas de novo as taxas dos máster habilitantes e non habilitantes, tamén cun prezo medio de 11.89€/crédito.

No caso dos máster habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), Galicia ocupa o segundo lugar con prezos máis baratos tras Canarias. A taxa media de matrícula para estes estudos mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os de grao e máster non habilitante), cun aforro de 8,55 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 20,44 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades galegas aforren unha media de 513 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 4% do conxunto do sistema.

No caso dos máster non habilitante, Galicia é a comunidade máis económica, cun prezo promedio de 11,89€/crédito, polo que o aforro medio para o vindeiro ano para un estudante galego será de 16,59€/crédito con respecto á media estatal (situada en 28,48€/crédito), o que sumará un aforro por alumno de 995,40€/ano. O alumnado que cursa este tipo de máster non habilitantes representa o 7,35% do sistema.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA A TRAMITACIÓN DE DOUS PROXECTOS EÓLICOS QUE BUSCAN ABARATAR A FACTURA ELÉCTRICA NA PLANTA DE SHOWA DENKO NA CORUÑA E GARANTIR ASÍ A SÚA COMPETITIVIDADE NO FUTURO

- O Consello da Xunta aproba por primeira vez aplicar a excepcionalidade que permite estudar a implantación de parques fóra das áreas do Plan sectorial eólico
- Esta tramitación poderá acordarse sempre e cando sexan iniciativas cunha clara incidencia sobre o territorio pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora e estruturante na zona
- Son dous parques promovidos por Greenalia e de tramitación estatal, ao superaren os 50MW, polo que a Xunta de Galicia agarda que o Goberno colabore na axilización dos proxectos para que Showa Denko poida beneficiarse canto antes dun prezo competitivo que lle permitiría aforrar 60M€ nos primeiros oito anos
- A empresa está estudando a ampliación da súa planta actual na Coruña, na que traballan máis de 170 empregados, ao tempo que xa anunciou a súa intención de implantar unha nova fábrica de ánodos de grafito, un dos proxectos que Galicia espera que o Executivo central inclúa na repartición dos fondos europeos Next Generation
- Este acordo do Consello da Xunta é unha demostración máis do apoio de Galicia á industria electrointensiva, declarada como esencial e estratéxica para a economía galega

O Consello da Xunta acordou esta mañá impulsar a tramitación de dous proxectos eólicos cos que a empresa Showa Denko trata de abaratar a factura eléctrica na súa planta da Coruña. Deste xeito, a compañía podería afrontar con maiores garantías os seus retos a futuro e, polo tanto, a súa competitividade.

A Administración autonómica acóllese, por primeira vez, á figura da excepcionalidade, recollida na lei para declarar estes parques -Orzar (56MW) e Tornado (67,2MW)- como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade socioeconómica e cunha función vertebradora e estruturante do territorio, o que permitirá -no caso de aprobarse- a súa execución fóra das áreas do Plan sectorial eólico de Galicia.

Ao tratarse de proxectos de tramitación estatal, xa que superan os 50MW, o Goberno galego agarda a sensibilidade do Executivo central para axilizar ambos os dous parques eólicos e, desta maneira, apoiar unha industria electrointensiva como é Showa Denko, xa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que os eólicos subministrarán enerxía eléctrica á súa planta na Coruña, coa conseguinte rebaixa no custo da luz.

Así, considérase que os contratos PPA (*Power Purchase Agreement*, acordos de compra de enerxía) entre a compañía e ambos os dous parques eólicos -promovidos por Greenalia cun investimento de 97,8 millóns de euros-, permitirían aforros de máis de 60M€ nos primeiros oito anos, o que favorecería a competitividade da planta e a súa viabilidade futura, tendo en conta que está estudando, ademais, unha ampliación na súa actual sede na Coruña, na que traballan máis de 170 empregados.

Sector estratéxico e fondos Next Generation

Ante a caótica política enerxética do Goberno e a falta de solucións concretas para a industria electrointensiva, Galicia si está comprometida con este sector, que declarou esencial e estratéxico para a súa economía no ano 2020.

Así, a Lei de áreas empresariais de Galicia especificará que, sempre que cumpran coa normativa e con todas as garantías ambientais, se dará prioridade a aqueles proxectos eólicos que destinen o 50% da enerxía que produzan á industria asentada en Galicia para reducir a súa pegada de carbono. Os parques eólicos que se vinculen ás PPAs poderán beneficiarse desta nova normativa que vai favorecer a industria no seu conxunto, como tamén xa está explorando Alcoa para a súa fábrica da Mariña.

Cómpre lembrar que Showa Denko tamén está estudando a implantación dun centro especializado en ánodos de grafito na Coruña, un material necesario para a fabricación de vehículos eléctricos. A empresa precisa dun investimento de 300M€ para levar adiante este proxecto, que se enmarca dentro da candidatura galega aos fondos europeos Next Generation e, polo tanto, se espera que o Goberno central o inclúa na repartición final.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA CONSOLIDAR O I PLAN ESTRATÉXICO DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO 2020-2030

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio co que se pretende mellorar a capacidade da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Xunta e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de consolidación do *I Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030* e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

O Goberno galego achegará 100.000 euros para este ano e 2023 coa finalidade de mellorar as capacidades da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento (RGCUD), no marco dun acordo que contará tamén cunha achega de 18.750 euros por parte das tres universidades galegas.

Así, nestes dous anos preténdese reforzar mediante esta colaboración a cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) no que ten que ver coa súa visibilidade na axenda institucional, a consolidación deste ámbito no plan formativo das universidades, o impulso das actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria en actividades relacionadas co ámbito da cooperación ao desenvolvemento e, en definitiva, impulsar a Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Cómpre lembrar que o Sistema universitario Galego (SUG) conta cunha ampla experiencia en cooperación universitaria ao desenvolvemento en coordinación coa RGCUD, como se ten materializado en colaboración coa Xunta no apoio aos proxectos financiados nos últimos anos neste ámbito. Ademais, as universidades galegas veñen traballando no reto de promocionar e difundir a Axenda 2030 nos campus universitarios, o que contribuíu a acadar maior impacto e visibilidade das tres universidades galegas de cara ao exterior e á sociedade.

A Xunta colabora desde 2014 coa Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento, que supuxo ata 2021 un investimento total de 424.210 euros. De feito, o acordo do ano pasado, dotado con 40.000 euros, permitiu implementar este *I Plan*

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030, que terá agora continuidade neste 2022 e en 2023 coa achega de 100.000 euros do novo convenio.

Nos últimos anos, a Xunta vén apoiando o esforzo das tres universidades galegas na creación, consolidación e fortalecemento dunha rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento, o que permitiu o fortalecemento das capacidades das universidades galegas como axentes de cooperación, o establecemento dun plan de formación continuo do seu persoal nesta materia e a identificación de proxectos, colaboracións e iniciativas de cooperación para o desenvolvemento nas que participan as universidades galegas, entre outros.

A cooperación galega recolle como obxectivo o fortalecemento da capacidade institucional dos axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoia a súa formación, capacitación e fortalecemento. Entre os axentes galegos de cooperación as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

Doutro lado, o Plan anual da cooperación galega sinala a necesidade de seguir afondando na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación, sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento, e na aplicación da Axenda 2030, para o cal se considera a importancia de continuar co apoio á RGCUD e de convertela nun factor chave para situar ao sistema universitario galego como axente relevante de cooperación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO APROBA O CONTRATO DE XESTIÓN DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA OS VINDEIROS 4 ANOS, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 640 MILLÓNS DE EUROS

- Prevé catro prioridades de actuación aliñadas coa EDG2030 e o PEG 2022-2030: desenvolver uns servizos públicos intelixentes, fomentar a capacitación e o talento dixital, un territorio intelixente, sustentable e conectado e impulsar o crecemento do ecosistema dixital galego
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica afronta o terceiro contrato de xestión tras acadar un cumprimento do 98% dos obxectivos operativos do anterior
- Inclúe 37 proxectos que se executarán con fondos Next Generation

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o terceiro contrato de xestión da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para os vindeiros 4 anos, cun investimento de preto de 640 millóns de euros. O novo contrato, que inclúe 37 proxectos que se executarán con fondos Next Generation, foi aprobado tras a proposta do Consello Reitor da Axencia, segundo o acordo da súa reunión do pasado 21 de xuño, presidida polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

A Axencia autonómica afronta o seu terceiro contrato de xestión tras acadar un cumprimento do 98% dos obxectivos operativos do anterior. Cómpre lembrar que o obxectivo deste contrato de xestión é regular a actividade da Axencia desde a máxima transparencia, que se concreta nos plans de acción anuais e a rendición de contas nas memorias que se publican anualmente.

Senda financeira

Os recursos orzamentarios recollidos no presente contrato de xestión executaranse baixo catro premisas: cumprimento dos obxectivos e compromisos establecidos por cada un dos mecanismos de financiamento; optimización da xestión dos investimentos tecnolóxicos, derivada da súa xestión centralizada; garantía de continuidade e sustentabilidade dos proxectos de transformación dixital e o impulso ao crecemento e á especialización do ecosistema dixital galego, a través de proxectos de grande impacto de base tecnolóxica.

Catro prioridades de actuación, 7 eixos estratéxicos e 200 indicadores

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia enmarca a súa actividade no PEG 2022-2030, especialmente no eixe 3 Competitividade e crecemento, cuxa prioridade de actuación é unha transformación dixital inclusiva e sustentable que vai aliñada co establecido na Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG20-30). Con base nestas premisas o novo contrato plurianual establece catro prioridades de actuación, sete obxectivos estratéxicos e preto de 200 indicadores de avaliación e impacto que permiten o seguimento de cada unha das medidas.

Servizos públicos intelixentes

Unha das prioridades do novo contrato de xestión plurianual é a consolidación dunha Administración integramente dixital, para o que se aposta polo uso das tecnoloxías disruptivas, como a intelixencia artificial, a robotización, a automatización e a xestión intelixente do dato. Búscase consolidar un modelo de atención á cidadanía 360º, que propiciará unha Administración proactiva, máis eficiente, máis áxil e máis segura. Entre os obxectivos marcados neste ámbito está acadar que o 90% das entradas sexa por canles dixitais fronte ás presenciais, que o 70% dos procedementos e servizos sexan dixitais e dispoñer de 60 procedementos automatizados.

Capacitación e talento dixital

Outra das prioridades é fomentar a capacitación, a educación e o talento dixital para que os cidadáns se desenvolvan plenamente no contexto dixital. Con este obxectivo promoverase a adquisición de competencias dixitais e a súa acreditación e certificación por parte da cidadanía e dos profesionais a través do Marco galego de competencias dixitais. Entre os obxectivos está o de acadar as 60.000 persoas capacitadas ou acreditadas con competencias dixitais.

No eido educativo continuase a traballar na dixitalización das aulas e espazos docentes cun importante investimento en equipamentos e conectividade, e promovendo o uso dos contidos educativos no ámbito do proxecto E-Dixgal, co obxectivo de chegar a 75.000 alumnos en 2025

Impulsar a economía dixital cara a un territorio máis sustentable e conectado

Para impulsar a transformación dixital do modelo produtivo rexional promoveranse iniciativas nos sectores estratéxicos do territorio dirixidas á xeración de novos produtos e servizos dixitais para aumentar a competitividade e a produtividade do tecido empresarial galego.

No que se refire ao sector do transporte, traballarase na construción dun ecosistema dixital orientado a contar a nivel rexional cun modelo de mobilidade seguro e sustentable. Porase en marcha un sistema de xestión integral e conservación das estradas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Porase especial atención na transformación dixital de todas as actividades vinculadas ao sector primario, para mellorar a súa produtividade e competitividade, favorecer a eficiencia no uso dos recursos e contribuír á fixación de poboación no rural. Búscase acadar uns 25.000 usuarios da plataforma avanzada de explotacións agrarias.

No eido cultural os esforzos centraranse na evolución de ferramentas dixitais enfocadas en protexer, preservar e difundir o patrimonio galego. Entre os obxectivos está acadar o millón de elementos patrimoniais catalogados e preservados na memoria dixital de Galicia. Desenvolveranse, ademais, solucións tecnolóxicas innovadoras para acadar un turismo intelixente que mellore a experiencia do visitante e a interacción con el, con esforzos centrados no Camiño de Santiago.

Tamén se desenvolverán ferramentas dixitais para a mellora do coñecemento do territorio a través da obtención e análise de información clave que permita unha planificación e xestión territorial intelixente. Para isto prevese a posta en marcha da Plataforma Galicia territorio intelixente.

Impulsar o crecemento do ecosistema dixital

Neste ámbito a clave será a adopción das tecnoloxías avanzadas e o impulso da especialización tecnolóxica. Seguindo as directrices da EGD2030, poranse en marcha actuacións para aumentar a competitividade e a especialización tecnolóxica con iniciativas como o Programa Gobtech, que busca impulsar o emprego de tecnoloxías avanzadas na Administración e acadar que máis do 50% das administracións públicas galegas empreguen solucións dixitais baseadas en IA, Big Data ou ciberseguridade. Ademais de impulsar o Centro Gaiás-Tech, un espazo demostrador de tecnoloxías disruptivas que coordina a Rede de nodos de especialización tecnolóxica de Galicia (5G, ciberseguridade e intelixencia artificial), co que se espera impulsar preto de 200 iniciativas público-privadas a través da rede de nodos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DIXITALIZARÁ TODAS AS AULAS DESDE INFANTIL ATA SEGUNDO DE BACHARELATO E ESTENDERÁ A DIXITALIZACIÓN A AULAS DE ENSINANZAS ESPECIAIS

- O Consello autorizou un acordo marco por un valor estimado de 23,8 millóns de euros para a subministración e instalación de 9.000 pantallas interactivas
- Trátase da segunda fase para dotación e evolución de aulas dixitais,
- A actuación enmárcase no Plan de infraestruturas dixitais educativas 2021-2023 (Plan EDU100), que supón un investimento total de 134,6 millóns
- Todos os centros educativos públicos dependentes da Xunta disporán de conectividade de banda larga, WIFI en todos os espazos docentes, 100 por cento de aulas dixitais, todo o profesorado terá ordenador portátil e a Xunta axudará ao alumnado que o necesite para que o 100 por cento dispoña do equipamento necesario
- O proceso de dixitalización do ámbito educativo en Galicia sitúa a Comunidade á cabeza dos indicadores estatais na implantación da aula dixital
- É a primeira Comunidade con centros que dispoñen de contorno virtual de aprendizaxe, a terceira con mellor media de alumnos por ordenador e a cuarta con maior porcentaxe de centros con conexión de 100 mbps

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe autorizar a contratación, mediante un acordo marco, da subministración e instalación de 9.000 paneis interactivos para aulas de centros educativos, por un valor estimado de 23,8 millóns de euros.

Este contrato marco permitirá completar e evolucionar todas as aulas de centros públicos dependentes da Xunta de infantil ata segundo de bacharelato dotándoas de paneis interactivos e iniciará a extensión das aulas dixitais a centros ensinanzas especiais.

O acordo marco, cunha vixencia de dous anos, consta de dous lotes, aos que poderá optar un único empresario por cada lote. O primeiro, cunha dotación de 21,6 millóns de euros, destinarase á subministración dos paneis interactivos. O segundo, de 2,25 millóns de euros, será para a instalación destes equipamentos.

Este acordo marco é o segundo que se autoriza para estender a dixitalización das aulas en centros dependentes da Xunta de Galicia.

Esta actuación enmárcase no Plan de infraestruturas dixitais educativas (Plan EDU100) que ten en marcha a Xunta, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

134,6 millóns de euros entre 2021 e 2023 para o Plan EDU100

O Plan EDU100 ten un investimento total previsto de 134,6 millóns de euros co obxectivo, entre outros, de que o 100 por cento do alumnado de entre infantil e segundo de bacharelato teña dotación de banda larga nos seus centros, wifi en todos os espazos docentes e os equipamentos necesarios para o modelo educativo dixital do Proxecto Abalar.

O Plan permitirá a dotación de fibra óptica e a renovación de servidores a todos os centros educativos públicos, ao que se destinarán 11 millóns de euros. O centros disporán tamén de WIFI en todos os espazos docentes e os cables de desdobramentos necesarios. Este capítulo suporá un investimento de 6,7 millóns de euros.

O Plan EDU100 inclúe tamén o obxectivo de estender ao 70% do alumnado de entre 5º de primaria e 4º da ESO o programa de libro dixital Edixgal, con aulas específicas, cun investimento de 44,3 millóns de euros.

Nese mesmo horizonte de 2023, reforzarase a dotación de equipamento para os docentes de centros públicos dun ordenador portátil. En concreto, subministraranse uns 23.000 equipamentos ao profesorado, outros 9.000 equipamentos para ciclos formativos, 20.000 ordenadores de sobremesa, e renovarase o 100 por cento do equipamento de postos administrativos.

Galicia, á cabeza dos indicadores estatais na implantación da aula dixital

Galicia iniciou a transformación da aula tradicional en dixital hai unha década e as liñas de actuación desenvolvidas ata agora permitiron que sexa a Comunidade española líder nos principais indicadores sobre implantación da aula dixital: ocupa o primeiro posto da clasificación estatal en centros con contorno virtual de aprendizaxe (CVA) cun 91% fronte a media española do 68,6%. Tamén está no primeiro posto das comunidades en que o subministrador do CVA é a Administración.

Ademais, Galicia é a terceira comunidade autónoma con mellor media de alumnos por ordenador (1,7, fronte aos 2,5 da media española) e está entre as catro comunidades autónomas con maior porcentaxe de centros con conexión de, ao menos, 100 mbps (un 88,8% fronte ao 51,1% da media española).

Por outra banda a Comunidade está á vangarda do libro dixital, con 55.000 alumnos no curso 21/22 (máis do 40% dos centros incluídos no programa Edixgal) con contidos curriculares completos gratuítos de catro editoriais, que se complementan cunha base de datos con máis de 1.800 contidos elaborados por docentes publicados no repositorio de contidos de espazoAbalar, ademais de 47 contidos interactivos intelixentes desenvolto ao abeiro da iniciativa DIXIT ata o momento

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As aulas virtuais están presentes en todos os centros e integradas na rede de videoconferencias docentes, que o pasado curso acadou picos de máis de 100.000 usuarios conectados e 4.000 videoconferencias con máis de 21.000 usuarios ao día. Ademais, o sistema educativo galego dispón das plataformas de información e colaboración Abalar e Abalar móbil, que contan con máis de 350 mil usuarios rexistrados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA A AMPLIACIÓN DE 540€ ATA 660€ A CONTÍA MÁXIMA DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

- O Consello autorizou hoxe a resolución que permitirá mobilizar case 15 M€ a través deste programa para atender a familias con poucos recursos nos vindeiros 5 anos
- Sinala que o bono vai dirixido a atender a afectados por demandas de desafiuzamento ou de execución hipotecaria da súa vivenda habitual, vítimas de violencia de xénero ou de trata ou situacións de emerxencia social, entre outros
- Salienta que unha das novidades do programa é que o importe máximo do alugueiro se incrementará nun 20% cando a unidade familiar teña un mínimo de 5 membros ou necesite unha vivenda adaptada
- A prestación concederáse por un período de 12 meses consecutivos, susceptible das correspondentes prórrogas, ata acadar unha duración máxima de 5 anos

O presidente da Xunta avanzou hoxe a ampliación ata os 660 euros ao mes da contía máxima do Bono de alugueiro social, dirixido a apoiar aos colectivos máis vulnerables no mantemento da súa vivenda habitual e grazas ao cal o Goberno galego seguirá asumindo o 100% do arrendamento das persoas beneficiarias. O importe límite estaba fixado ata o de agora en 540 euros.

A este respecto incidiu en que esta é unha das principais novidades recollidas na resolución autorizada esta mañá polo Consello, na que se establecen as bases reguladoras destas axudas e se prevé, por primeira vez, a posibilidade de incrementar nun 20% o importe máximo da renda de alugueiro, e polo tanto, do bono, cando a unidade de convivencia do solicitante estea composta por 5 ou máis persoas. Tamén se aplicará esta mesma porcentaxe se un dos membros da unidade familiar precisa dunha vivenda adaptada.

Cun orzamento inicial de 11,2 millóns de euros para todo o período, a nova convocatoria do Bono de alugueiro social farase de forma continuada e permanente ata o 31 de decembro do ano 2026 ou ata esgotar o crédito dispoñible. Así mesmo, destinaranse 3,7 millóns de euros ás prórrogas de concesións anteriores para garantir e atender a estes beneficiarios nas mesmas condicións que fixa o novo programa. Deste xeito, a Xunta mobilizará a través do Bono de alugueiro social case 15 millóns de euros para atender as necesidades residenciais de familias galegas vulnerables durante os vindeiros 5 anos.

“O bono alugueiro social, que axudou a 2.000 familias desde 2015, vai dirixido a grupos vulnerables como persoas obxecto de desafiuzamento da súa vivenda habitual, poboación sen fogar ou vítimas de violencia de xénero”, dixo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co fin de paliar este tipo de situacións, os beneficiarios terán dereito a recibir unha prestación equivalente á totalidade da renda que figure no seu contrato de alugueiro, sempre que esta non supere a contía límite establecida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) para cada área xeográfica.

Deste xeito, nas 7 grandes cidades o importe a pagar será de, como máximo, 550 euros ao mes; nos concellos de tamaño medio e localizados en contornas urbanas, estará fixado en 500 euros; e no resto de municipios, o límite será de 425 euros.

En todo caso, como xa se indicou, estas contías incrementaranse nun 20% cando a unidade de convivencia do beneficiario necesite dispoñer dunha vivenda adaptada ou estea integrada por 5 ou máis membros. Nestes supostos, polo tanto, o importe da axuda poderá chegar ata os 660, 600 ou 510 euros respectivamente e segundo a zona.

Para poder acceder a estes incentivos, os solicitantes deberán acreditar que os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a 1,5 veces o Iprem ponderado —12.159.42 euros—. Esta contía irá incrementándose en función do número de membros da familia e doutras circunstancias particulares, ata acadar, como máximo, os 20.265,7 euros anuais.

Ademais, os perceptores desta prestación tamén poderán recibir unha axuda complementaria de ata 600 euros destinada a pagar os gastos asociados á constitución dun novo contrato de alugamento —fianza, alta de subministros, etc.— ou ben no caso de permanecer na vivenda obxecto de desafuzamento, a atender as cantidades pendentes que motivaron o inicio do procedemento.

O Bono de alugueiro social, que tras recibir hoxe a autorización do Consello da Xunta sairá convocado en xullo, concederáse por un período de 12 meses consecutivos, aínda que poderán pedirse ata 4 prórrogas. Deste xeito, os beneficiarios terán dereito a percibir esta axuda ao alugueiro durante un total de 5 anos, como máximo.

Un dos 7 programas do Plan para o acceso á vivenda 2022-2025

Cómpre subliñar que a nova convocatoria do Bono de alugueiro social farase con cargo ao Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, un conxunto de medidas e axudas en materia residencial a desenvolver nos vindeiros 4 anos e que conta cunha dotación orzamentaria de 106 millóns de euros, con cofinanciamento estatal e autonómico.

Ademais e por primeira vez desde a súa posta en marcha, o bono configúrase como unha prestación de carácter asistencial, polo que os beneficiarios non terán que acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social ou con Facenda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tanto os 7 programas que xestionará IGVS no marco do Plan 2022-2025, aprobado no Consello da Xunta da pasada semana, como o novo Bono alugueiro mocidade, cuxa convocatoria foi autorizada tamén hoxe, virán completar o amplo abano de axudas, incentivos e liñas de financiamento que o Goberno galego porá á disposición de particulares, comunidades de veciños, concellos e promotores en 2022 grazas a fondos propios e tamén ao diñeiro procedente da UE a través do programa *Next Generation*.

De feito, este ano está previsto que o Goberno galego xestione ao redor dunha trintena de programas cun orzamento global de case 180 millóns de euros para apoiar diferentes tipos de intervencións no eido residencial así como outras actuacións directas do IGVS – máis alá dos investimentos en marcha para construír novas vivendas de promoción pública–, que teñan como fin incrementar o actual parque público residencial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ ESTE MES O NOVO BONO ALUGUEIRO MOCIDADE, QUE PREVÉ BENEFICIAR A PRETO DE 3.800 MOZOS DURANTE DOUS ANOS

- Salienta que o obxectivo é facilitar á poboación menor de 36 anos o pago da renda da súa vivenda habitual cunha axuda de 250 euros ao mes
- Explica que ademais de ter entre 18 e 35 anos no momento de pedir a axuda, os solicitantes deberán dispoñer dunha fonte regular de ingresos, acreditar que estes non superan 3 veces o Iprem e certificar que a vivenda en cuestión é a súa residencia habitual
- O prazo de presentación de solicitudes estenderase ata o 31 de outubro de 2022 ou no momento de esgotamento do crédito orzamentario

O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a aprobación por parte do Consello da Xunta do acordo polo que se autoriza a convocatoria do Bono alugueiro mocidade, unha nova axuda, que, cun orzamento de preto de 23 millóns de euros, prevé beneficiar a preto de 3.800 mozos galegos. "Busca que a xente moza poida ter máis facilidades para acceder en réxime de alugueiro a unha vivenda", abundou.

Nese sentido, explicou que o obxectivo deste programa novidoso é facilitar á poboación menor de 36 anos o pago da renda da súa vivenda habitual cunha axuda de 250 euros ao mes, sempre e cando esta contía non supere o importe que abonan en concepto de arrendamento. A subvención concederáselles por un período de dous anos, coa posibilidade de recoñecer o dereito á axuda desde o 1 de xaneiro de 2022 ou desde a data de sinatura do contrato, sempre que esta sexa posterior.

Para poder acceder a estes incentivos, ademais de ter entre 18 e 35 anos no momento de pedir a axuda, os solicitantes deberán dispoñer dunha fonte regular de ingresos, acreditar que estes non superan 3 veces o Iprem (24.318,84 euros) e certificar que a vivenda en cuestión é a súa residencia habitual, entre outros requisitos.

En canto ao importe da renda de alugueiro, non poderá superar os 600 euros —300 se se trata dunha habitación—, no caso das cidades. No caso dos municipios das contornas da cidades, esas contías máximas oscilarán entre os 450 e 500 euros no caso das vivendas, e entre os 225 e os 250 euros nas habitacións. No resto dos concellos, a renda de alugueiro das vivendas non poderá exceder os 400 euros e os 200 nas habitacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria sairá publicada cunha dotación de 22,8 millóns de euros a repartir entre as anualidades 2022 e 2023. Neste sentido, cómpre indicar que a finais de maio o IGVS recibiu a metade dos fondos estatais reservados a esta liña de incentivos para 2022 –5,7 dos 11,4 millóns de euros comprometidos–, de xeito que o Goberno galego xa está en disposición de convocar estas subvencións nos vindeiros días.

De feito, o prazo de presentación de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e pecharase o 31 de outubro de 2022 ou no momento de esgotamento do crédito orzamentario.

Ademais, o Bono alugueiro mocidade será incompatible con calquera outra axuda que poida conceder o Goberno galego, as entidades locais ou calquera outra administración ou entidade pública para o pagamento de alugueiro. Esta incompatibilidade non afecta ás axudas excepcionais a persoas especialmente vulnerables, ás perceptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social e ás persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital. Nestes casos a suma de todas as axudas non poderá superar o importe da renda.

A maiores, cómpre lembrar que o Goberno central anunciou a axuda no seu día como unha liña de carácter practicamente universal que permitiría aos mozos que viven en alugueiro acceder á mesma, pero a dotación económica destinada a Galicia só permitirá conceder ao redor de 3.800 axudas.

Unha trintena de axudas e programas en materia de vivenda

Tanto os 7 programas que se enmarcan no Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, aprobado no Consello da Xunta celebrado a pasada semana, como o novo Bono alugueiro mocidade virán completar o amplo abano de axudas, incentivos e liñas de financiamento que a Xunta porá á disposición de particulares, comunidades de veciños, concellos e promotores en 2022 grazas a fondos propios da Comunidade e tamén ao diñeiro procedente da UE a través do programa *Next Generation*.

De feito, este ano está previsto que o Goberno galego xestione ao redor dunha trintena de programas cun orzamento global de case 180 millóns de euros para apoiar diferentes tipos de intervencións no eido residencial así como outras actuacións directas do IGVS – máis alá dos investimentos en marcha para construír novas vivendas de promoción pública–, que teñan como fin incrementar o actual parque público residencial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN PARA AVANZAR NO MODELO DE ECONOMÍA CIRCULAR NA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA EN GALICIA

- A colaboración entre ambas as institucións suporá un investimento da Xunta de preto de 340.000 euros
- Trátase de poñer en valor a depuración da auga, non só polos obxectivos ambientais que cumpre, senón tamén polos proveitosos produtos que se poden recuperar no tratamento das augas residuais
- Analizarase a capacidade das depuradoras existentes para recibir e tratar axeitadamente residuos procedentes de fosas sépticas, co fin de avanzar nun modelo de xestión que integre o saneamento do urbano e do rural
- O acordo enmárcase no proxecto Innovaugas 4.0, unha iniciativa da Xunta dotada dun orzamento de 7 M€ para acadar solucións innovadoras na xestión integrada das augas en equilibrio co medio natural e atendendo ao escenario do cambio climático

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Santiago para a investigación e avance no modelo de circularidade do ciclo integral da auga en Galicia.

O convenio autorizado hoxe suporá un investimento autonómico de 338.316 euros e terá vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31 de marzo de 2023. Os traballos enmárcanse no proxecto da Xunta Innovaugas 4.0 e serán cofinanciados pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020.

O obxectivo fundamental é poñer en valor todos os produtos que se poden chegar a xerar nunha estación depuradora, ademais da propia auga tratada: enerxía, auga apta para outros usos, bioplásticos, ácidos graxos volátiles, etc., de grande interese para determinados sectores industriais e a sociedade en xeral.

Para iso, a Xunta e a Universidade de Santiago elaborarán unha diagnose de oportunidades de economía circular na xestión do ciclo integral da auga en Galicia, establecerán metodoloxías de traballo concretas que permitirán cuantificar os avances nesta recuperación de produtos nas distintas depuradoras, a través de indicadores, e traballarán na consecución dunha percepción social favorable para usos de auga reciclada e recursos recuperados das augas residuais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, avanza na investigación e desenvolvemento de propostas concretas de accións para a implantación do modelo de economía circular. Así, abórdase o potencial de produción de enerxía en determinados procesos de depuración, afondarase nas posibilidades da produción de ácidos graxos volátiles, na obtención de bioplásticos, na identificación de barreiras ambientais que dificulten a utilización da auga rexenerada e no aproveitamento da materia orgánica na liña de lodos.

Por último, nos traballos que se realizarán baixo este proxecto analizarase a capacidade das depuradoras existentes para recibiren e trataren axeitadamente residuos procedentes de fosas sépticas, co fin de avanzar nun modelo de xestión que integre o saneamento do urbano e do rural.

Marco do convenio

Innovaugas 4.0 estrutúrase ao redor de tres retos para abordar as principais problemáticas a que se enfrenta a entidade dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, como xestora de recursos hídricos da bacía de competencia autonómica Galicia-Costa. Os retos son o impulso do sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos, o fortalecemento das capacidades de preparación e adaptación ao cambio climático e a economía circular no ciclo integral da auga.

Neste caso, o obxectivo da colaboración autorizada hoxe polo Consello da Xunta céntrase na economía circular no ciclo integral da auga. Para iso, a Xunta está a desenvolver un contrato de compra pública de innovación, para o desenvolvemento, implantación e validación dun sistema para a optimización de parámetros de consumo enerxético e calidade da auga vertida ao medio receptor, así como na realización de recomendacións de mellora baseadas en tres estacións depuradoras.

A este respecto, cómpre lembrar que a Xunta adxudicou, por un importe de 1,56 M€, os servizos para o desenvolvemento dun sistema para optimizar o consumo enerxético e garantir a calidade da auga vertida nas depuradoras, co obxectivo de acadar un servizo de tratamento e análise avanzado de datos en tempo real para facilitar a toma de decisións na xestión das depuradoras e de implantar os principios da economía circular no ciclo da auga. A solución desenvolverase de forma piloto nas depuradoras de Baiona, Nigrán e Gondomar, co fin de cubrir o maior rango de procesos habituais destas instalacións de pequeno e mediano tamaño.

Este convenio enmárcase no programa Innovaugas 4.0, unha iniciativa da Xunta dotada dun orzamento de 7 M€ para acadar solucións innovadoras na xestión integrada das augas e responder as diferentes demandas, en equilibrio co medio natural e atendendo ao escenario do cambio climático. O proxecto recibiu a pasada semana o galardón como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mellor iniciativa pública no sector da auga nos premios Water Europe Innovation 2022, promovida pola plataforma Water Europe, creada pola Comisión Europea e que congrega 250 membros de 28 países que representan toda a cadea de valor da auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA PRETO DE 132.000€ AOS CONCELLOS DE MANZANEDA, OROSO E VILALBA PARA FINANCIAR O COMEDOR ESCOLAR DE 193 USUARIOS OS PRÓXIMOS DOUS CURSOS

- Tamén se renova o convenio coa Deputación de Pontevedra para o servizo de comedor ao Centro de Educación Especial Pontevedra, por un importe de 20.000 euros, para o vindeiro curso escolar
- O Goberno galego mantén apoios deste tipo en 239 comedores escolares a través de acordos con 17 concellos de Galicia e convenios con Anpas e entidades de atención á diversidade

O Goberno galego vai renovar os convenios de colaboración asinados cos concellos de Manzaneda, Oroso e Vilalba para o financiamento do servizo de comedor escolar de 193 usuarios de tres centros educativos dos citados concellos durante os próximos dous cursos 2022/23 e 2023/24, tal e como autorizou hoxe o Consello da Xunta.

Así mesmo, tamén autorizou a renovación do convenio coa Deputación de Pontevedra para o apoio da Xunta, por un importe de 19.936€, a este servizo de comedor no Centro de Educación Especial Pontevedra, que xestiona o órgano provincial.

A través destas accións a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio aos concellos que prestan este servizo complementario, así como aos organismos ou entidades de apoio a alumnado con necesidades especiais.

O Goberno galego mantén apoios deste tipo en 239 comedores escolares a través de acordos con 17 concellos de Galicia e convenios con Anpas e entidades de atención á diversidade.

Apoio aos concellos

No caso concreto dos concellos, os acordos refírense ao colexio CEIP de Manzaneda (38 usuarios, sete prazas máis que no anterior convenio), do colexio CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso), con 110 usuarios (dez máis), e coa Escola de Educación Infantil de Vilalba, con 45 usuarios (tres menos).

No marco destes convenios de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CEE Pontevedra

Así mesmo, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda coa Deputación Provincial de Pontevedra para a renovación do convenio para a prestación do servizo de comedor escolar no Centro de Educación Especial Pontevedra o vindeiro curso escolar.

Ao abeiro desta colaboración, a Deputación de Pontevedra comprométese a facilitar ao alumnado con discapacidade a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que supón un comedor escolar para este alumnado, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Colaboración con concellos, Anpas e entidades

No presente curso escolar a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades mantén convenios de colaboración con 17 concellos de Galicia, a través dos cales financia os menús de 4.802 usuarios de 49 centros públicos. A maiores, tamén destina axudas a Anpas para a xestión de 167 comedores que suman outras 9.886 prazas, mentres que os convenios a entidades de atención á diversidade acadan os 18 para 508 comensais.

Non obstante, a maior parte dos comedores escolares en Galicia están xestionados por parte da propia consellería, cun total de 417 que atenden 62.375 usuarios. Cómpre lembrar que no caso destes comedores escolares, o 80,35% dos usuarios teñen o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día a aboa un 14,42% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e accesibles para as familias de todo o Estado español.

No actual curso 2021/22, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinou preto de 50 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas Anpas. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 16.987 desde o curso 2008/2009, un 30% máis neste período.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E AS FUNDACIÓNS DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DOS CENTROS SANITARIOS PÚBLICOS GALEGOS COLABORARÁN PARA IMPULSAR A EXCELENCIA CIENTÍFICA

- Con este obxectivo, asinanse tres convenios entre ACIS coa Fundación Profesor Novoa Santos, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e a Fundación Biomédica Galicia Sur, no ámbito do Programa InTres de fomento da investigación traslacional de excelencia
- Contan cun orzamento superior aos 600.000 euros, que se repartirá en tres anualidades, entre 2022 a 2024

A Xunta de Galicia autorizou esta mañá a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e as tres fundacións de investigación biomédica dos centros sanitarios públicos galegos: a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Profesor NÓvoa Santos (FPNS) e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS). Estes acordos enmárcanse no ámbito do Programa para o impulso de actividades de fomento da investigación traslacional de excelencia en saúde de Galicia (Programa InTres). Os convenios contan cun orzamento total de 606.126 euros, que se repartirá en tres anualidades, entre 2022 e 2024.

O programa InTres xorde da necesidade de fomentar a colaboración e o intercambio de coñecemento entre os implicados nas actividades de I+D+i do sistema de saúde de Galicia, así como o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica necesarios para incrementar a competitividade do sector biosanitario e mellorar a saúde da poboación galega. InTres fomenta o impulso da investigación traslacional como principal ferramenta que permite a procura de solucións aos problemas atopados na investigación clínica e, tamén, a posta en práctica dos coñecementos obtidos coa investigación básica nunha investigación clínica posterior que redunde en beneficio das persoas, ao tempo que permita trasladar eses resultados científicos ao sector produtivo.

Deste xeito, e para acadar os obxectivos do programa InTres, os convenios autorizados hoxe recollen unha serie de liñas de actuación tales como incrementar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora dos principais axentes do ecosistema galego de I+D en saúde, e aumentar a difusión dos resultados da investigación científico-técnica e da innovación financiados con fondos públicos. Tamén se prevé mellorar a educación científico-técnica da sociedade en todos os niveis, colaborar na profesionalización da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

divulgación científica, e apoiar o establecemento de sinerxías e o aproveitamento de recursos para a divulgación do coñecemento en saúde.

Este programa está en concordancia coa Estratexia Sergas 2020, que aposta polo impulso da xestión do coñecemento e a investigación a través de innovacións nas organizacións, con liderado en investigación, e por atraer financiamento para investigación, así como polo aproveitamento de coñecementos particulares para a mellora común do sistema.

Outras actuacións a prol do traballo dos investigadores

A sinatura dos convenios autorizados hoxe é un paso máis nas actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para apoiar o traballo dos científicos que desenvolven as súas investigacións sanitarias en Galicia

Así, en xuño do ano pasado asinouse o primeiro convenio colectivo específico para o persoal das fundacións de investigación sanitaria de Galicia. Foi un primeiro paso para homoxeneizar as categorías de persoal, introducir melloras salariais, regular os distintos permisos de conciliación ou implantar plans de formación

En xaneiro deste ano asinouse a formalización da primeira spin-off con participación do Sergas desde a súa constitución. Foi promovida por persoal investigador dos nosos institutos e puido tramitarse a través do Decreto 141/2018, do 25 de outubro, polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia.

En abril, o Consello da Xunta aprobou o contrato plurianual de xestión da ACIS ata o ano 2025, introducindo como unha das principais funcións desta axencia a de consolidar unha estrutura de servizo de apoio ao persoal investigador.

Ademais, quérese implantar unha plataforma do investigador con protocolos de xestión práctica para facilitar as funcións administrativas, intermediar na busca de financiamento e resolver as consultas, incidencias e cuestións básicas para o desenvolvemento da súa actividade profesional.

En maio, a Xunta aprobou o decreto de oferta de emprego correspondente aos procesos de consolidación de emprego público na nosa sanidade, polo que saen a concurso 34 prazas de persoal investigador que verá consolidados os seus postos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 100.000 EUROS Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAÚÍ PARA DESENVOLVER O PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ

- Con este programa axudarase a que 110 nenos de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) poidan pasar o verán cunha familia de acollida galega
- Evitarase que os nenos teñan que soportar temperaturas de máis de 50 graos
- Anticiparáselle o 100% dos fondos á entidade para que conte con liquidez

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) para desenvolver o programa *Vacacións en paz*. Esta iniciativa contará cun orzamento de 100.000 euros para que nenos saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), poidan pasar os meses de verán acollidos por familias galegas.

O Goberno galego leva oito anos apoiando este proxecto, que neste 2022 consolida o seu financiamento para axudar uns 110 nenos. Ademais, a Administración autonómica facilita que a entidade conte con liquidez para desenvolver o programa ao realizarlle un anticipo do 100% dos fondos.

Durante os dous meses que pasen cunha familia de acollida, poderase evitar que en plena época estival os nenos se encontren nun campamento de refuxiados, onde as temperaturas poden superar os 50 graos. A maiores disto, contarán con alternativas de lecer propias dos meses de verán e poderán familiarizarse coa cultura e linguas galega e castelá.

O ano pasado *Vacacións en paz* non se puido realizar por mor da COVID-19, pero aínda así o Goberno galego mantivo os 100.000 euros do acordo para que Sogaps puidese comprar alimentos para a poboación saharauí.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 540.000 EUROS AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS DE CALIDADE DE GALICIA PARA APOIAR O SEU FUNCIONAMENTO

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a repartición de axudas para 25 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa comunidade
- O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade supón unha facturación anual duns 600 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores de indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas que cada ano chega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio, o orzamento ascende aos 540.000 euros, que se distribuirán entre 25 entidades segundo criterios de repartición obxectivos.

En particular, tivéronse en conta, como todos os anos, aspectos relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos custos de persoal fronte ao total. Así, estas 25 entidades recibirán entre 7.000 e algo máis de 28.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade e facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

Entre os gastos subvencionables están os custos de persoal, incluídas as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF, e bens correntes e de servizos relacionados coa actividade normal dos consellos reguladores. Así, financiaranse cuestións coma o alugamento de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, etc.

A través destas axudas, a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

O sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade representa unha facturación anual duns 600 millóns de euros, polo que conta cunha grande importancia, tanto dende o punto de vista económico como social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, a Xunta apoia e fomenta estas producións, tanto polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego como polo seu potencial dinamizador socioeconómico para o medio rural. Considérase fundamental para a economía galega e, polo tanto, para os cidadáns, manter e intensificar a asociación Galicia/alimentos de calidade que existe nos consumidores do mercado español, polo efecto que ten no conxunto da economía galega, tanto directo como inducido, na medida en que se dá valor á “marca” Galicia, o que repercute en beneficio de todos os cidadáns.

Nesta liña, a Xunta potenciará e reforzará a campaña Galicia Etiqueta Calidade como unha mensaxe que englobe, identifique e mellore o posicionamento dos produtos do sector primario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PRORROGAN CATRO ANOS MÁIS A SÚA COLABORACIÓN EN MATERIA DE SANIDADE FORESTAL

- O Consello do Goberno galego acordou hoxe autorizar a Consellería do Medio Rural a asinar unha addenda ao convenio subscrito entre ambas as partes en 2018, que se centra no seguimento e control da avespiña e do cancro do castiñeiro, así como na análise de mostras do defoliador do eucalipto
- A ampliación do acordo ata o 2026 suporá un investimento conxunto de algo máis de 1 millón de euros, dos que a Xunta alcanzará arredor de 685.000 e a Deputación os restantes 350.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a asinar unha addenda ao convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para manter os traballos da unidade denominada "xestión de pragas e enfermidades forestais" ata o ano 2026. O acordo -que supón prorrogar o convenio anterior, de 2018, por catro anos máis- representará un investimento conxunto de algo máis dun millón de euros, dos que a Xunta alcanzará arredor de 685.000 e a Deputación os restantes 350.000 euros.

A sanidade forestal é unha prioridade da Administración galega e, por iso, é preciso dedicarlle todos os medios dispoñibles para seguir traballando na identificación dos axentes patóxenos que causan enfermidades nos vexetais e nas especies forestais, co fin de proceder á súa determinación e clasificación.

O mantemento desta unidade mixta de investigación, que está dotada con persoal e medios da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal e da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, ten como finalidade o seguimento dunha serie de pragas -que afectan principalmente as especies forestais como os castiñeiros e os eucaliptos- e velar así pola protección dos montes promovendo unhas medidas de prevención, protección e tratamento necesarias.

En concreto, as principais liñas que vén desenvolvendo esta unidade mixta céntranse na realización dos controis pertinentes para a boa execución da loita biolóxica fronte a avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) e a preparación, seguimento e control da eficacia dos inóculos empregados para o control das cepas virulentas do cancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*). A colaboración tamén serve para avaliar o estado do control biolóxico do defoliador do eucalipto (*Gonipterus platensis*) mediante a análise de mostras e os controis de calidade do material de solta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes tres axentes bióticos ocasionan importantes perdas económicas aos propietarios forestais, polo que a addenda ao convenio contribuirá a seguir aumentando a rendibilidade dos montes de Galicia que son, na súa inmensa maioría, de propiedade privada.

A Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen colaborando desde hai anos na conservación e na mellora do estado sanitario dos bosques de Galicia, a través da posta en marcha de distintos convenios. En cumprimento dos acordos asinados con anterioridade, a Estación Fitopatolóxica do Areeiro prestaba á consellería unha serie de servizos relacionados coa loita contra pragas e enfermidades forestais e vexetais, que eran financiados con cargo ao orzamento da Xunta. A principal novidade introducida polo convenio que agora se prorroga foi que as dúas entidades se comprometeron a achegar tanto medios humanos como materiais, constituíndo unha unidade mixta que desenvolve dende entón liñas de traballo comúns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A NOVA AXENDA ENERXÉTICA DE GALICIA IMPULSARÁ A EFICIENCIA E O AFORRO NA FACTURA ELÉCTRICA DOS FOGARES GALEGOS CON MEDIDAS ESPECÍFICAS QUE SÓ PARA AS FAMILIAS SUMAN 159 M€ ATA 2024

- Subliña que se prevé mobilizar a través desta Axenda Enerxética ao redor de 1500 millóns de euros de investimento público-privado durante o período 2022-2024 e xerar 11.500 empregos ao ano
- O obxectivo da Xunta de Galicia é camiñar cara á neutralidade climática a través dun modelo sostible que potencie o uso das enerxías renovables e inclúa novas tecnoloxías como o hidróxeno verde e o almacenamento
- Para acadar unha Galicia máis verde, a previsión é que o 85% da xeración eléctrica proceda de fontes renovables en 2030, é dicir, 11 puntos máis que na actualidade, cando xa se ten alcanzada a porcentaxe que se marca o Goberno a nivel estatal para finais desta década
- Indica que contén 56 medidas ao redor de sete eixes: desenvolvemento de enerxías renovables, economía circular, mobilidade sostible, descarbonización de sectores, innovación, transición xusta e financiamento

O titular do Goberno galego trasladou hoxe a análise por parte do Consello da Xunta da Axenda Enerxética de Galicia 2030, a folla de ruta coa que establece unha serie de obxectivos para acadar a neutralidade climática en 2050. Un plan que tal e como explicou contará cun investimento inicial de 630M€ no período 2022-2024 para acadar unha mobilización público-privada de máis de 1500 millóns e crear un mínimo de 11.500 empregos ao ano.

A este respecto, destacou que, aínda que inclúe medidas para pemes, industria e autónomos, se centrará fundamentalmente en impulsar medidas -159M€ de fondos públicos- que permitan aos fogares realizar un consumo máis eficiente e reducir así na súa factura eléctrica.

Galicia, que xa é un referente en enerxías renovables, pretende con esta Axenda traballar cara a un modelo sostible e un novo mix enerxético con novas tecnoloxías - como poden ser o hidróxeno verde, os gases renovables e a economía circular, os biocombustibles, o almacenamento enerxético ou a eólica mariña-.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

“Queremos que cando chegue o 2030 o 85% da xeración eléctrica en Galicia proceda de fontes renovables, que as emisións de gases de efecto invernadoiro se reduzan un 55% e acadar un 40% de mellora de eficiencia enerxética no consumo final”, abundou.

Preténdese polo tanto camiñar cara a unha Galicia neutra en carbono no 2050, diminuíndo a dependencia enerxética do exterior, descarbonizando os sectores económicos e sociais, posicionando Galicia como un polo enerxético innovador e apostando por unha industria eficiente e sostible. Preténdese, ademais, axudar ás familias -con especial atención ás máis vulnerables- con medidas que favorezan o aforro e a eficiencia enerxética á vez que se promoven aforros económicos nas facturas enerxéticas. Deste xeito, destínanse 159M€ a programas e actuacións que terán como beneficiarios finais os fogares galegos.

Sete eixes de actuación

Ao longo da súa intervención tamén explicou que esta Axenda conta con 56 medidas concretas ao redor de sete eixes de actuación. O primeiro centrase no desenvolvemento de enerxías renovables. Así buscarase un incremento desta tecnoloxía aproveitando os recursos enerxéticos locais. Neste sentido, máis do 74% da enerxía eléctrica producida en Galicia actualmente é con fontes renovables, sendo a segunda Comunidade con máis xeración eléctrica de orixe renovable. Tamén se apostará pola integración das enerxías limpas e o impulso do almacenamento enerxético, así como polo autoconsumo. Outra das medidas destacadas é a promoción dun Hub de hidróxeno renovable na Comunidade. Destinaranse 120,3M€ entre 2022 e 2024.

O segundo eixe (8,5M€ ata 2024) xirará ao redor da economía circular, para o que se contempla a valorización enerxética de residuos para autoconsumo, a incorporación dos gases renovables no sistema enerxético ou a implantación de solucións avanzadas.

En terceiro lugar, realizarase unha decidida aposta pola mobilidade sostible, fomentando fontes de enerxía renovable no transporte e un corredor verde do norte, así como a renovación do parque móbil ou a promoción do vehículo eléctrico. Contarase con 143,8M€ ata finais de 2024.

O cuarto eixe ten como obxectivo a descarbonización dos diferentes sectores, desde as actividades económicas coa creación do selo Empresa Sostible de Galicia, aos edificios residenciais, sector terciario, administracións públicas e sector primario. Entre as medidas que se queren impulsar destaca o apoio a proxectos singulares de descarbonización e renovación industrial para aquelas industrias tractoras que polas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

peculiaridades das actuacións que se queren desenvolver non encaixan nas convocatorias habituais. O orzamento entre 2022 e 2024 ascende a 277,4M€.

Polígonos empresariais ecoeficientes

Un aspecto fundamental na nova Axenda será o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación -33,3M€ ata 2024-, a través de proxectos no marco da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia, acordos con institucións, así como fabricación de compoñentes neste eido ou o fomento dos polígonos empresariais ecoeficientes aos que se destinarán 17,5M€.

Neste sentido, activaranse incentivos tanto para a mellora das infraestruturas no eido enerxético nos parques industriais como para a promoción de comunidades enerxéticas empresariais -un novo sistema enerxético colaborativo para lograr un uso máis eficiente da enerxía e mellorar a competitividade das empresas-. Neste punto, agárdase apoiar entre seis e oito proxectos en polígonos. De feito, a Xunta de Galicia xa está traballando coa Tecnópole na implantación da primeira comunidade Enerxética, da que se beneficiarán ao redor de 50 empresas -cifra que se podería ir incrementando-. Cun investimento previsto de 2 millóns de euros, este proxecto en San Cibrao das Viñas (Ourense) contará cunha potencia instalada de 2MW a través da dispoñibilidade de espazo en cubertas de edificios e terreos para a xeración de 2500MWh/ano.

En sexto lugar, adoptaranse medidas para avanzar na transición xusta con plans de aforro enerxético para as familias, programas de formación de profesionais relacionados coas novas fontes de enerxía e a loita contra a pobreza enerxética. Este eixe contará con 40,2M€ ata 2024.

No sétimo eixe están as medidas que se deseñen de acordo aos requirimentos dos fondos europeos Next Generation, así como dos fondos de transición xusta, e desde o punto de vista da colaboración público-privada para obter un maior financiamento dos programas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ANALIZA A MEMORIA ANUAL DO CONSELLO CONSULTIVO DO 2021, QUE REVELA QUE O NÚMERO DE DITAMES SOLICITADOS AUMENTOU UN 15% RESPECTO A 2020

O Consello da Xunta analizou hoxe a memoria anual do Consello Consultivo de Galicia do 2021, que revela que o número de solicitudes aumentou un 15% respecto do ano anterior, o 2020 que ademais estivo marcado pola pandemia.

Deste xeito, no 2021 foron 422 os expedientes solicitados, o 68% pola administración autonómica, é dicir 290, seguida polos concellos con 131 e o restante por outros entes públicos.

Outra das conclusións que se desprende do informe é a eficiencia deste órgano fundamental no asesoramento xurídico ás administracións tanto autonómicas como locais, xa que o prazo medio de emisión de ditames foi de 24 días, incluídas as prórrogas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LEVA A CABO ACTUACIÓNS DE MELLORA NO 90% DOS ALBERGUES DA REDE PÚBLICA GALEGA

- Este Plan dálle continuidade ao Plan de albergues 2019-2021, en que se levaron a cabo actuacións de mellora na accesibilidade e eficiencia enerxética, que contou cun investimento de 7,5 millóns de euros
- Levaranse a cabo actuacións en 67 albergues, que contarán cun investimento de máis de 2 millóns de euros, para mellorar as condicións de confortabilidade e accesibilidade nos aloxamentos
- En concreto, executaranse melloras en 5 albergues no Camiño de Fisterra-Muxía, 20 no Camiño Francés, 6 no Camiño Inglés, 8 no Camiño Norte, 10 no Camiño Portugués, 6 no Camiño Primitivo e 12 no Camiño Mozárabe- Vía da Prata

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre o plan de melloras na Rede pública de albergues, polo cal se levarán a cabo actuacións no 90% destas instalacións, cun investimento de máis de 2 millóns de euros, para mellorar as condicións de confortabilidade e accesibilidade nos aloxamentos.

A través do Plan de melloras na rede pública de albergues para peregrinos 2022, executaranse obras de mellora da confortabilidade, salubridade, accesibilidade e reparacións varias, como pintura, illamento e paneis divisorios, melloras na decoración interior e reposición de elementos danados, así como homoxeneizar a sinalización interior e exterior dos albergues.

Está prevista a execución de obras nun total de 67 albergues en sete itinerarios, 5 no Camiño de Fisterra-Muxía, 20 no Camiño Francés, 6 no Camiño Inglés, 8 no Camiño Norte, 10 no Camiño Portugués, 6 no Camiño Primitivo e 12 no Camiño Mozárabe- Vía da Prata.

Plan albergues 2019-2021

Este plan dálle continuidade ao Plan de albergues 2019-2021, no que se levaron a cabo actuacións de mellora na accesibilidade e eficiencia enerxética das instalacións, que contou cun investimento de 7,5 millóns de euros, dos cales 5,1 millóns foron para actuacións de accesibilidade e eficiencia enerxética e 2,4 millóns para obras de melloras e mantemento.

A Rede pública de albergues para peregrinos foi creada no ano 1992 pola Xunta tomando como modelo a propia rede de hospitais medievais. A Rede está actualmente integrada por 74 albergues públicos en activo, dos cales 22 están no Camiño Francés, con 1617 prazas; 15 na Vía da Prata, con 453 prazas; 9 no Camiño Portugués, con 497; 1 no Camiño

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Portugués da Costa, con 93 prazas; 10 no Camiño do Norte, con 405 prazas; 6 no Primitivo, con 187 prazas; 6 no Inglés, con 183 prazas e 5 no Camiño Fisterra-Muxía, con 146 prazas.

Este novo Plan de mellora dos albergues públicos para peregrinos 2022 permitirá poñer en marcha unha serie de actuacións sobre os albergues existentes coa finalidade de renovar os inmobles, dotándoos de condicións axeitadas para mellorar a atención cualitativa aos peregrinos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A APROBACIÓN NA CONFERENCIA SECTORIAL DE TURISMO DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE EN DESTINO PRESENTADO POLO CONCELLO DA CORUÑA

- Nesta 3ª edición ordinaria dos Plans o concello da Coruña presentou o proxecto: "A CORUÑA, SOSTIBLE E DIXITAL", cun orzamento de 3M euros
- O obxectivo do Plan é impulsar a competitividade como destino turístico, fomentar a actividade para a inclusión de veciños e viaxeiros e garantir a sustentabilidade ambiental do concello

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao apoio do Goberno galego para aprobación na reunión da Conferencia Sectorial, que terá lugar o vindeiro martes 28 de xuño, do Plan de Sustentabilidade en Destino presentado polo concello de A Coruña: "A Coruña sostible e dixital".

A Conferencia Sectorial de Turismo do pasado mes de febreiro aprobou a convocatoria da 3ª edición ordinaria dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destino ao que se presentou o concello de A Coruña co proxecto: "A CORUÑA, SOSIBLE E DIXITAL", cun coste de 3M euros que serían aportados a partes iguais entre SETUR, Xunta e concello.

O obxectivo do Plan é impulsar a competitividade como destino turístico, fomentar a actividade turística para a inclusión de veciños e viaxeiros e garantir a sustentabilidade ambiental de A Coruña.

O proxecto presentado polo concello conta con 3 eixes de actuacións, que xiran en torno á eficiencia enerxética, a transición Dixital, como a posta en marcha dunha oficina turística virtual; e a competitividade, coa posta en marcha por exemplo do Coruña surf City.

OS PSTD están financiados polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo e as comunidades autónomas, e teñen como obxectivos xerais apoiar aos destinos turísticos españois no seu proceso de transformación cara a hubs ou polos de innovación turística capaces de integrar na súa oferta a sostibilidade ambiental, socioeconómica e territorial, e de desenvolver estratexias de resiliencia fronte aos novos retos do ecosistema turístico, desde o cambio climático, ata a sobredemanda turística ou as crises sanitarias e de seguridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A COMUNIDADE RECIBIRÁ 3.261 M€ DOS FONDOS DE COHESIÓN ATA 2027 PARA SEGUIR AVANZANDO CARA A UNHA GALICIA MÁIS COMPETITIVA E INTELIXENTE, VERDE, CONECTADA E SOCIAL

- Sinala que desta contía global corresponde á xestión da Xunta o 46%: 940 millóns no Programa FEDER de Galicia; 449 millóns no Programa do Fondo Social Europeo Plus; e 111 millóns no Programa de Transición Xusta
- Explica tamén que a asignación financeira dos fondos FEDER está organizada en cinco grandes eixes, nos que cobran relevancia áreas como: o apoio á investigación e á dixitalización, o impulso ás pemes e o compromiso coa eficiencia enerxética, o medio ambiente e o investimento de carácter social
- A Xunta está a traballar xa co Ministerio de Traballo e Economía Social e coa Comisión Europea para concretar as liñas de actuación do Programa FSE+, co fin de que se aprobe antes de que remate o ano

O presidente da Xunta sinalou hoxe, durante a rolda de prensa do Consello que a Comunidade recibirá 3.261 millóns de euros dos Fondos da Política de Cohesión para o período comunitario 2021-2027, dos que case a metade 1.500 M€ serán xestionados directamente pola Xunta.

Así se desprende, subliñou, do informe sobre a programación dos fondos europeos, elaborado pola Consellería de Facenda e Administración Pública e avaliado hoxe na reunión do Consello da Xunta. "O Goberno central decide reservarse máis da metade e o que volvemos a reclamar é unha maior descentralización tamén neste eido xa que sería desexable", engadiu.

Son, en concreto, 940 millóns de euros no Programa FEDER de Galicia; 449 millóns de euros no Programa do Fondo Social Europeo Plus (FSE+); e 111 millóns na prioridade correspondente á provincia da Coruña, no Programa de Transición Xusta de España.

En relación ao Programa Operativo FEDER Galicia, cuxa aprobación, tal e como avanzou, está prevista a finais deste 2022, o texto precisa que estes fondos contan cunha asignación financeira organizada en cinco grandes eixes e nos que cobran especial relevancia áreas como: o apoio á investigación e á dixitalización, o impulso ás pemes e o compromiso coa eficiencia enerxética, o medio ambiente e a transición verde, así como o investimento de carácter social.

Así, e de cara a unha Galicia máis competitiva e intelixente, a Administración autonómica contará con 405 millóns de euros de axuda europea para reforzar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investigación e innovación, ademais de apoiar ás empresas e favorecer a dixitalización de economía galega.

Con este obxectivo, entre as accións programadas destacan: a posta en marcha de proxectos transformadores e de impacto en cadeas de valor estratéxicas, a través da colaboración e a transferencia entre os diferentes axentes do Sistema Rexional de Innovación; o apoio aos centros de investigación excelente do Sistema Universitario Galego; a consolidación da dixitalización dos servizos públicos; a transformación dixital da sanidade e o compromiso financeiro con iniciativas de investimento empresarial.

A aposta por unha Galicia máis verde contará cunha partida de 366 millóns para a mellora da eficiencia enerxética en edificios públicos e nos sectores produtivos; o despregamento das enerxías renovables; o fomento da adaptación ao cambio climático; o impulso dunha xestión hídrica sostible; ou a implantación dun modelo de economía circular, entre outras iniciativas.

Así mesmo, cómpre salientar que o 7% da contía dos fondos FEDER -61 millóns de euros-, destinaranse a ámbitos relacionados coa mellora da seguridade viaria e a mobilidade sostible. E 76,5 millóns dedicaranse -de xeito complementario ás medidas a financiar co Fondo Social Europeo Plus- á cohesión social, é dicir, para o financiamento de infraestruturas educativas e sanitarias, así como para reforzar o papel da cultura e o turismo sostible.

Por último, e tendo en conta o conxunto de accións que se van desenvolver nos próximos anos, o informe salienta tamén que estes fondos contribúen cun 30,5% da súa asignación financeira aos obxectivos relacionados co cambio climático e cun 8,3% aos obxectivos de biodiversidade.

No que se refire ao Programa FSE+, cómpre salientar que a Xunta está a traballar co Ministerio de Traballo e Economía Social e coa Comisión Europea para concretar as liñas de actuación e que poida ser aprobado antes de que remate o ano, ao igual que o Programa de Transición Xusta de carácter plurirrexional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE EN APROBAR UNHA CANLE DE ATENCIÓN ADMINISTRATIVA XERAL E PREFERENTE PARA AS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

- Esta iniciativa, que estará operativa no último trimestre do ano, permitirá unha atención máis personalizada, ademais de apoiar a independencia dos maiores
- Habilitarase un teléfono específico para este servizo, que evitará a escoita de mensaxes automatizadas e a marcación de opcións
- Incluiranse servizos como a cita en Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde ou a atención nas oficinas de información e rexistro da Xunta de Galicia, así como nas oficinas da Axencia Tributaria de Galicia

Galicia será a primeira comunidade en contar cunha canle de atención administrativa xeral e preferente para as persoas maiores de 65 anos. Así se desprende do informe que avaliou o Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, sobre a posta en marcha dunha canle pioneira ao servizo dos maiores, cuxo contacto cos computadores está moi por baixo da media da poboación.

Segundo o informe presentado pola Consellería de Facenda e Administración Pública, esta medida, que estará operativa no último trimestre do ano, permitirá unha atención máis personalizada, ademais de apoiar a independencia dos maiores. Non en van, na actualidade, Galicia conta con máis de 700.000 maiores, o 26,12% da poboación galega, dos que 126.000 viven sós sen familiares.

Unha das medidas propostas é habilitar un teléfono específico para este servizo, que evitará ás persoas maiores a escoita de mensaxes automatizadas e a marcación de opcións, facilitándolles o contacto cun operador humano.

A canle, que ten como obxectivo romper coa fenda dixital e facilitar o contacto directo coa Administración galega, incluíra servizos como a cita en Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, ou a atención nas oficinas de información e rexistro da Xunta de Galicia, así como nas oficinas da Axencia Tributaria de Galicia.

Nos centros de atención primaria do Sergas a atención telefónica para maiores de 65 priorizarase tendo en conta que o sistema automatizado solicita como un dos datos básicos a data de nacemento.

Cómpre salientar que, actualmente, hai 100 centros de saúde que contan xa coa cita previa con rechamada, unha mellora en atención telefónica que dispón da plataforma tecnolóxica CRM 100. Este sistema permite que quen chama, en caso de que non poida

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ser atendido no momento, teña a opción de deixar algúns datos persoais co fin de que o operador sanitario, no momento en que quede libre, devolva a chamada.

Por outra banda, as oficinas de información e rexistro da Xunta de Galicia e as oficinas da Axencia Tributaria de Galicia contarán cunha atención telefónica reforzada, na que se priorizará a chamada, sempre que o usuario manfeste que é maior de 65, sen necesidade de escoitar mensaxes nin facer marcación. E, no caso de que unha persoa maior acuda sen cita, será atendida cunha cita *ad hoc* preferente con respecto aos restantes usuarios que, igualmente, acudan sen cita.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA REXENERARÁ MÁIS DE 3 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SUPERFICIE DE BANCOS MARISQUEIROS

- Este labor será realizado polo sector marisqueiro ao abeiro das axudas de 2022 para mellorar a produción das súas zonas de traballo
- Con estes apoios o Goberno galego aprobou un total de 45 proxectos, por importe de preto de 1,4 millóns de euros, que se desenvolverán entre este ano e o que vén
- As actuacións a realizar na maioría desta superficie son remocións de substrato, ás que se engaden outras como distintas sementeiras de máis de 42 millóns de unidades de semente de ameixa

A Consellería do Mar subvenciona a rexeneración de máis de 3 millóns de metros cadrados de superficie de bancos marisqueiros ao abeiro das convocatorias de 2022, destinadas á mellora da produtividade de zonas de marisqueo e á protección dos seus ecosistemas. Este traballo será realizado polo sector marisqueiro no marco dos 45 proxectos aprobados pola Xunta para este fin por importe de preto de 1,4 millóns de euros e que se desenvolverán entre este ano e o que vén.

Os apoios baixo os que se realizan estas tarefas son, por unha banda, os destinados a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Por outra banda, tamén apoian labores deste tipo as achegas dirixidas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción, financiadas integramente con fondos propios da comunidade autónoma.

Así o detalla un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución das convocatorias deste ano. Este documento reflicte que na maioría da superficie obxecto dos labores de rexeneración -en máis de 2,5 millóns de metros cadrados- se realizarán tarefas de remoción de substrato para impulsar a reprodución dos organismos mariños. Outras actuacións que se desenvolverán e que están centradas en hábitats costeiros, con medidas como a achega de áridos, afectan máis de 139.000 metros cadrados.

Estes traballos inclúen iniciativas das confrarías de Cabo de Cruz, Rianxo, Barallobre, Vilaboa, O Carril, O Grove, Vilaxoán, Cambados, Pontedeume, Lourizán, Ribeira, Camariñas, A Illa de Arousa, Pontevedra, Vilanova, Carreira-Aguiño, Raxó, A Pobra, Bueu e Arcade. Tamén a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sementeiras

Outras actuacións que se realizan ao abeiro destas axudas son as sementeiras de especies marisqueiras. De feito, no marco de ambas as ordes, a Administración galega aprobou a sementeira dun total de máis de 42 millóns de unidades de semente de ameixa. A maioría destas repoboacións son no marco da orde cofinanciada co FEMP, coa que se apoia o cultivo de 31 millóns de unidades de semente de ameixa babosa e ameixa fina, dun tamaño medio de 15 milímetros, para unha superficie de máis de 431.000 metros cadrados. As entidades que se beneficiarán destas sementeiras son as confrarías de pescadores de Pontedeume, Cabo de Cruz, Vigo, Ribeira, Camariñas, A Illa de Arousa, Vilanova, Carreira-Aguiño, Rianxo, Raxó, A Pobra, O Grove, Bueu, Vilaxoán, O Carril, Cambados e a Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo.

O resto das sementeiras desenvolveranse na liña destinada a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción. Con ela apóiase o cultivo de case 11,3 millóns de unidades de semente de ameixa babosa e xaponesa dun tamaño medio de 15 milímetros para unha superficie de algo máis de 109.000 metros cadrados.

As entidades que sementarán estas especies son as confrarías de Barallobre, Pontevedra, Ribeira, Raxó, Lourizán, Ferrol, Moaña, Pontedeume, Miño, Camariñas, Vilanova, Vilaboa, Rianxo e A Pobra do Caramiñal. Tamén realizará sementeira de ameixa a Sociedade Cooperativa Galega Ría de Arousa.

Ambas as liñas de achegas permitirán ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras conservar o recurso, a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras e evitar a perda de zonas naturais. Ao mesmo tempo, estes apoios contribúen ao desenvolvemento de proxectos para fomentar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia e unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, importante para o mantemento da biodiversidade dos ecosistemas. Deste xeito, Galicia busca impulsar a produtividade dos bancos marisqueiros e o emprego no sector.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA